



PROTOCOLO COVID BIBLIOTECA 2021-2022

1. ACCESO

A biblioteca permanecerá aberta ao alumnado da ESO durante o recreo de 11h00 a 11h30.

Durante o resto do horario lectivo o profesorado poderá acceder á biblioteca co grupo-clase mediante reserva de quenda na conserxería.

Tendo en conta as medidas de prevención e hixiene que se deben aplicar **obrigatoriamente** considérase que os grupos de alumnado non autónomo para levalas a cabo non deben acudir á biblioteca.

A biblioteca estará pechada en horario de tarde durante o curso 2021/2022.

2. CAPACIDADE

A capacidade máxima será dun grupo-clase co profesorado acompañante durante o horario lectivo e de 20 persoas no recreo da ESO.

As normas de distanciamento, quer entre os postos de traballo quer entre persoas, serán as mesmas que para o resto das aulas.

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE:

- O uso da máscara será obrigatorio para acceder á biblioteca para todo o alumnado, inclusive para Ed.Infantil, como medida hixiénica preventiva, polo posible uso das instalacións por diferentes grupos de diferentes etapas na mesma xornada lectiva.
- Será obrigatoria a hixiene de mans con xel hidroalcohólico tanto á entrada como á saída da biblioteca.
- O alumnado desinfectará o seu posto antes e despois do seu uso.
- O alumnado que empregue material común (ordenadores) deberá desinfectalo antes e despois do seu uso.
- A biblioteca disporá de un carriño específico para depositar os libros cedidos en empréstimo. Cómpre lembrar que os libros usados para consulta na propia biblioteca serán devoltos ao mesmo lugar de onde foron extraídos.
- Ventilación: a biblioteca permanecerá ventilada de forma permanente mediante unha apertura mínima de 5cm en ambos extremos das fiestras que dan ao patio.